

# FARO DA CULTURA

Nº 130 • Xoves, 23 de xuño de 2005

Coordina: Xosé Ramón Pena

Hai algúns anos, as revistas de arte, identificábanse visualmente. Hoxe hai que lelas para descubrir o xénero da publicación, sempre que o lector sobreviva ao aborrecemento. É posible que, diante das imaxes das obras analizadas nestas publicacións, pense que necesita introducirse nos textos para comprendelas. Entón, motivado por un xesto inocente ou por xustificar os cinco euros investidos na compra, pode que o lector se entregue a seguir o texto coa ilusión de atopar a beleza que se resiste a manifestarse. As obras poden ser cercanas fotos ao xénero documental. Para poñer contido á nosa especulación, ditas fotografías poderían pertencer á Bienal de Venecia, inaugurada o 11 deste mes. O lector axiña descubrirá nos textos os mesmos argumentos que, en virtude da mentalidade transversalidade posmoderna, se reproducen con fertilidade en todas as direccións: da publicidade ao debate político, da educación aos concertos con patrocinio móbil. quen pode non estar de acordo coa reivindicación de semellantes argumentos universais?

A bienal, comisariada por dúas españolas, reclama o encontro do espectador co pracer da arte e publícaa como "o único espazo de reflexión que queda", así o manifesta unha das comisarias. Esta afirmación pode desconcertar ao lector pola coincidencia amoladora que hoxe existe entre o discurso dos artistas, os xestores e os políticos. Pero apartando esta condición cuestionable da independencia da arte, seguramente o lector, no seu afán por buscar algún sentido a aquilo do pracer, se pregunte sobre a definición do belo-feo, conceptos unidos indisolublemente pola ideoloxía en todas as culturas. Precédennos séculos de belezas, monstros e bestiarios marabillosos. Neste punto o ob-

## Reflectir a arte

\* Á FALA CON CÁNDIDO PAZÓ,  
PRESIDENTE DA AADTEG / Páx. III

\* "RADICAIS LIBRES": MOSTRA NO  
AUDITORIO DE GALICIA / Páx. VI

\* "ORBALLO": O RETORNO DE  
MIRO CASABELLA / Páx. VIII

### O contido ideolóxico da comunicación

MARCELA SANTORUM

servador estará convencido de que el non ten ningunha dificultade perceptiva. A beleza non é unha variable da arte que hoxe nos representa. Agora os relatos superan a materia e o seu poder reside na súa abstracción. Para representar todas estas abstraccións financeiras, pacifistas ou de solidariedade, que mellor que a unha estética puramente conceptual.

O contido ideolóxico da comunicación é cada día máis atraente e conflitivo. A estratexia está na arquitectura da comunicación, na forma e nos seus efectos, non no valor funcional da mensaxe. Isto conforma un presente mudable e xustifica a subxectividade individualista da arte. A nova disposición da economía e dos Estados reaxustan as transaccións sociais. A clase política tradicional deixa paso aos novos dirixentes expertos financeiros. O mundo da arte tamén reflete este cambio. As bienais e as macrofeiras deixan de ser a competición branda dos países. Antes debatiámonos entre unha sociedade funcional totalitaria e a bipartita. Os opostos articularon as grandes posicións tamén na arte. O percorrido condúcenos dende finais do século XIX deica os setenta. O cambio evoluciona coa modernidade e impregna as ideas co optimismo da loita. As folgas, as manifestacións e a alternancia política foron posibilidades que aseguraban a esperanza. A arte tamén foi un terreo de enfrontamento, reclamábase como unha forma de coñecemento independente e establecía unha fronteira nidia coa ciencia, a moral e a política. Hoxe os feitos innovadores da arte fanse co patrocinio dos bancos. Chegamos a esta situación despois dun proceso. Somerxidos na politización dos setenta, os oitenta destaparon o boom da especulación e os noventa ofreceron o espectáculo da absoluta provocación: a procura desenfreada do diferente impúxose sen outro contido que o goberno absoluto da subxectividade. O artista agora establece un diálogo que só el pode entender e explicar.

Pódese definir como o único espazo de reflexión que queda a unha arte que goza da compracenza dos sistemas de poder e comparte o seu discurso? As grandes oposicións deixaron de ser oportunas e os artistas ofrecen un discurso de abstraccións persoais. O prezo da subxectividade é a caducidade inmediata. Como di Jean François Lyotard en *A condición postmoderna*: "Cada un vese remitido a si mesmo e cada un sabe que ese si mesmo é pouco".



O día de Sant Jordi aparece cada ano como novedoso. Non obstante, coa perspectiva do tempo pasado, ao remate todas resultan semellantes. É cunha equidistancia entre pasado e presente, a participación catalá na feira de Guadalaxara hai uns meses e a invitación para a feira do libro de Frankfurt do 2006. Hogano había unhas circunstancias que, se ben non facían distinta a festa, si que lle daban unha certa particularidade: que fose sábado, a campaña do cuarto centenario do *Quixote* —que en Barcelona se plasma no Ano do Libro e da Lectura— e unha terceira, máis doméstica e literaria, como a negativa dalgúns autores a asistir ás sesións de dedicatoria de libros.


Esta negativa é consecuencia dun manifesto, feito público meses atrás, en contra da suposta degradación da festa literaria de Sant Jordi pola presenza de autores mediáticos (Boris Izaguirre, Andreu Buenafuente, etc.) cos cales as editoriais priman o éxito comercial por riba da calidade literaria e a súa catalanidade. Chegados á vixilia de Sant Jordi, o “nutrido grupo de dous autores”, en irónica expresión de Empar Moliner, composto por Baltasar Porcel e Robert Saladrigas, decide non participar na rolda de dedicatorias de libros; un terceiro asinante do manifesto, Jordi Coca, optou por recibir aos admiradores no seu domicilio. Claro que tal pureza literaria non sería tal se temos en conta que Porcel aproveitou a súa columna en *La Vanguardia* para publicitar o seu último libro publicado.

Á hora de describir as novidades aparecidas co gallo do día de Sant Jordi cómpre distinguir entre obras en castelán e obras en catalán, non so pola obvia compartimentación entre senllos sistemas literarios senón, xa que logo, pola potencia editorial que moitas veces hai tras elas. Como sexa que situar a amplitude das letras en español verbo do Sant Jordi é moito situar, cabería analizar a relación entre os lectores e os autores locais en castelán, é dicir nunca sintonía de entornos e linguaxes.

Así, Carlos Ruiz Zafón continuou a ser un dos autores máis vendidos co seu *La sombra del viento*, tamén en versión catalá. Outro dos autores de éxito nas pasadas edicións, Javier Cercas, tiña o reto da súa nova novela, *La velocidad de la luz*, unha reflexión sobre a relatividade do éxito, cunha estrutura narrativa semellante a *Soldados de Salamina*. Entre os clásicos, Juan Marsé presentou *Canciones de amor en Lolita's Club*, unha exploración desa outra cidade descoñecida, como é o mundo da prostitución nos puticlubs. Algunhas novelas viñan, como sucede cada ano, co aval dun premio. Sería o caso de Pedro Zarraluki (propietario do café literario “Salambo”, no barrio de Gràcia), gañador do último Nadal con *Un encargo difícil*, e Roberto Bolaño, chileno residente en Cataluña e morto hai un par de anos, gañador póstumo do premio “Salambo” con *2666*.

Para as novidades en catalán, o día de Sant Jordi é a súa festa. Febra sentimental aparte, non hai día no ano con tanto público perto dos libros. Este ano non estaban libros mediáticos como antes atrás ou, polo menos, aparecían como máis normalizados. No apartado das efemérides, cómpre salientar o centenario de *Solitud*, da ampurdanesa Víctor Català (Caterina Albert), obra lida colectivamente no Parlament. Un libro de verdadeiro impacto como novela da memoria é *Per un sac d'ossos*, da autoría de Lluís-Anton Baulenas.

Como mostra de que a literatura catalá non ten complexos —moitas traducións aparecen si-



## ● Presenza de Galiza

● Alén dos estudos filolóxicos nas universidades e da puntual labor dos centros galegos, a presenza cultural de Galiza en Barcelona fica focalizada, de hai anos, na galería Sargadelos. A diferenza de Madrid, donde a Xunta promoveu unha Casa de Galicia, na capital catalá case toda a presenza cultural galega é de iniciativa privada ou individual.

Mais esa presenza dos libros galegos en Barcelona non é unha presenza normal: fóra da galería Sargadelos non procúredes o máis mínimo rastro de libros galegos. Inclusive, autores galegos traducidos ao castelán (Cunqueiro, Rivas, de Toro) están incluídos nos alzadoiros de narrativa en castelán.

Por iso cómpre louvar a organización da Primeira Semana do Libro Galego en Barcelona, promovida desde Sargadelos. Por alí pasaron V. Freixanes, R. Villares e H. González para presentar a nova entrega de *Grial* e mais o *Anuario de Estudos Literarios Galegos*; X. L. García e C. Fernández presentaron *CADERNOS POÉTICOS DUN GALEGO EN CUBA*; os vinte e cinco anos da Editorial Sotelo Blanco foron lembrados polo seu fundador, B. Losada, X. González e M. A. Fernán Vello; a figura de Lorenzo Varela foi glosada por I. Díaz-Pardo; e, como remate da semana e coa sala máis que chea, Fernán Vello e J. L. Carod-Rovira presentaron o novo libro de conversas con X. M. Beiras. Xa no día de Sant Jordi, o propio Beiras, Suso de Toro e Manuel Rivas asinaron libros.

Programa ambicioso que presenta a vivacidade da cultura galega ante a sociedade barcelonesa, cómplice súa de hai anos. Quizais non todos os temas resultasen cun mesmo nivel de interese e a ocupación de todos os días impedía estar presente en todos os actos. Mais, con todo, benvidos sexan.

multaneamente en catalán e castelán— as novelas de ambiente non local tamén teñen cabida. Así temos, *Després de l'oblit* (“Despois do esquecemento”) do galego establecido en Valencia Xulio Ricardo Trigo, unha novela sobre as pontes que a emigración estableceu entre Arxentina e Galicia, e *La pell i la princesa*, de Sebastià Alzamora, ambientada na Praga da Guerra dos Trinta Anos, premio Josep Pla 2005. No xénero máis cotiá, Empar Moliner, cáustica observadora da realidade diaria, presentou as súas crónicas na edición catalá d'*El País* agrupadas co título *Busco senyor per a amistat i el que sorgeixi*. O autor colectivo Familia Hernández presentou *Els perquès de Catalunya*, “preguntas chave” respostadas con humor. No apartado da poesía tiña lugar propio o *maudit* mallorquín e eremita urbano Miquel Bauçà, traxicamente morto hai uns meses, de quen apareceu o póstumo *Rudiments de saviesa*.

Na literatura de xénero, que non considera tanto a lingua vehicular, dous son os ámbitos que sempre aportan novidades: a novela negra e mais a gastronomía. Nesta corda, coa cocíña catalá como estrela no mundo, alén dos Adrià, Santamaria ou Rusalleda, cómpre salientar o fenómeno mediático do cocineiro Ismael Prados, presentador con estética e modos moi cold do programa *Cuina per a solters* en TV3, as recetas do cal agora aparecen en papel impreso. No apartado de novela negra, ou como dicía Espriu “de lladres i serenos”, o veterano xornalista José Martí Gómez presentou *Animales de compañía*, novos casos reais de delincentes fracasados ou modélicos que seguen ás súas anteriores *Historias de asesinos*, ou o novo caso do detective Àngel Esquiús, *La monja que va perdre el cap* (“A monxa que perdeu a cabeza”) de Andreu Martín e Jaime Ribera. Para todos eles, Frankfurt espera.

## N A LITERATURA DE XÉNERO, COMO SEMPRE, A NOVELA NEGRA E MAIS A GASTRONOMÍA

APORTARON AS MAIORES NOVIDADES

### Entre Guadalaxara e Frankfurt

JOAQUIM VENTURA

# Sant Jordi 2005



## ENTREVISTA

**Q**ue obxectivos e liñas de traballo ten marcadas a asociación, tanto a curto como a medio e longo prazo?

-A curto prazo andamos arreo cunha serie de tarefas que ocupan o día a día, como é a preparación dos premios María Casares, a organización de cursos, a nosa revista *Escaramuza*, o catálogo, a páxina web, etc. En canto ao medio prazo, temos unha grande aposta cuxas consecuencias trascenden máis aló da orde interna da asociación. A AADTEG resulta ser un pouco precaria canto ao seu equipo profesional e, agora, está nun punto moi perigoso. Porque nin a profesión no país é tan cativa como para que unha pequena asociación poida atender toda as súas problemáticas, nin é tan grande como para que poida sustentar un equipo profesional. Neste punto intermedio non se pode vivir, porque a xente se queima. Por iso, a aposta é conseguir unha xerencia profesional que leve o día a día, sen necesidade de que os que formamos a xunta directiva teñamos que estar dedicándonos por enteiro á asociación. Sen esta aposta, os obxectivos a longo prazo están un pouquiño condicionados.

- *Aínda que até o próximo luns non saberemos se haberá, ou non, cambio na Xunta, quería preguntarlle se cre que un novo goberno aportaría melloras ao sector.*

-O sentir xeral que hai na nosa profesión é ese. Pero quero dar un dato concreto, para non falar unicamente en termos políticos e ideolóxicos. O dato é que, na estruturación dos circuitos de exhibición para a escena galega, o momento no que as cousas estiveron máis encauzadas, onde parecía que se comezaba a crear unha rede que podía funcionar, foi cando gobernou o tripartito. Creáronse daquela os chamados Luns Teatrais, Martes, Mércores,... en cada lugar levaban un nome. Nas localidades que se adherían a ese programa había teatro un día todas as semanas. Isto creou unha regularidade de oferta, un público que sabía que o teatro era parte da oferta de lecer. Despois chegou a Administración Fraga e aquel modelo foise esvaíndo e camiñouse cara ao apoio de eventos puntuais: Camiños da Concordia, Xacobeos, ... programas onde se pode facer moitísimo alarde de contratacións, de grandes carteis. Este foi o modelo Pérez Varela, do que sempre presume, e que pode ser, se cadra, moi rendible para o político. Pero para crear rede, crear país, é terrible. Porque cando un Ano Xacobeo remata, realmente aquí, no día a día, queda moi pouco. Por iso, nós pensamos que, sen negar que os grandes eventos teñen que existir, é moito máis importante que a administración faga políticas a medio e longo prazo, onde se cre tecido, onde se cre regularidade, onde haxa unha base que creza. Nese sentido, nós estamos obrigados a ter esperanza, e témola. Simplemente, con que retomaran iso que se iniciou naqueles anos, xa estaríamos polo bo camiño.



Cándido Pazó, presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escea. XOAN ÁLVAREZ

## Cándido Pazó

## “A administración ten a obriga de potenciar o tecido teatral”

*Presidente dunha asociación, a de Actores, Directores e Técnicos de Escea, que está a vivir o momento de apostar pola consecución dunha xerencia profesional, Cándido Pazó fala tamén nesta entrevista dalgunhas das demandas máis inmediatas do sector*

NATALIA ÁLVAREZ

- *A creación deste tecido constitúe a principal demanda que a asociación lle presentaría a este posible novo goberno?*

-Así é. Cremos que o máis importante é crear regularidade, que haxa circuitos permanentes de exhibición. Porque, hoxe en día, ti montas un espectáculo, vas a Vigo e só o podes representar un día. Iso é insán. O san é o día a día, que o espectador poida premiar aquel espectáculo que lle gustou ou censurar aquel que non lle gustou. Eu non digo que poida haber tempadas teatrais en Vigo como en Madrid, pero proporcionalmente si. En Madrid, se un espectáculo vai estar un mes, que mínimo que en

Vigo un espectáculo medio poida estar catro días. Ademais é un círculo vicioso. Como se perde o hábito, deixa de haber espectadores. E como non hai espectadores, cando vas un día só, tes media entrada. Entón os organizadores dinche que para que querías dous días, se só ti veches media entrada. Pero iso é unha gran trampa. Mira, sempre se di que se vas a Madrid a actuar, non paga a pena se non vas un mes, porque os cinco primeiros días son unicamente para que se saiba que estás alí. Da mesma maneira, en Vigo, A Coruña, Santiago,... necesítase tamén que as cousas teñan o seu tempo para asentaren. E sumado a iso, en termos xa puramente artísticos, os espectáculos, se

non maduran, e os actores, se non poden estar en continuo entreno, oxidanse. Penso que aí é onde máis se ten que traballar. É certo que é un traballo a medio e longo prazo do que non se miran resultados rápidos. Pero aí estará a valentía e a honestidade do político. Nós temos confianza de que, esta quen esta, teña outra sensibilidade e aposte polo país. E tamén temos outra demanda. Imos facer unha edición especial dos premios María Casares, con motivo do décimo aniversario do seu pasamento e tamén dos premios. Queremos que sexa un chanzo importante para que estes premios crezan e que sirvan de promoción. Por iso reclamamos, e incluso esiximos, que a

**R**ECLAMAMOS QUE A GALA DOS “MARÍA CASARES” SE RETRANSMITA EN DIRECTO

POR PARTE DA TVG.”

gala dos María Casares se retransmite por fin en directo pola TVG. Nese sentido, tamén o cambio político, que confío que se vai producir, creo que nos vai favorecer. En todo caso, é unha esixencia que lle faremos a quen esta, porque penso que chegou o momento. Nós xa demostramos que son uns premios serios. Os nosos deberes fixémoslos. Polo tanto, agora toca que a nosa televisión tamén cumpra cunha das funcións que ten, que é a de estar atendendo á cultura do país, activamente e dunha maneira especial, posto que é unha televisión pública.

- *Unha longa demanda do sector, a creación da Escola Superior de Arte Dramático, parece que xa é unha realidade...*

-Efectivamente. O que pasa é que vai comezar moi en precario. Porque vai ser difícil crear un corpo de profesores que, nun principio, digamos, teña a cohesión e o nivel que unha escola precisa, e porque as cousas non saen da nada. Eu quero que a profesión se prepare para estar realmente atenta, e protestar polo que haxa que protestar. Pero, ao mesmo tempo, quero que non nos venza a ansiedade. É como quen sementa unha árbore, hai que axudala, hai que botarlle esterco, ... pero a árbore ten un tempo. Pois hai que facer que ese tempo sexa o menos posible e que a cousa acabe funcionando.

- *Meténdonos un pouquiño na súa vida profesional... Por que ten esa preferencia pola narración oral?*

-Eu son director, son autor, son actor. Entón é como se no mundo da oralidade se reunisen estes tres oficios. Porque eu, para contar unha historia, teño que creala, aínda que non a escriba. Teño que, alén diso, trazar unhas estratexias de posta en escena. E ademais, xusto porque lle estou falando a un público, en certo modo son un intérprete. Eses mundos están aí e aí volco a miña imaxinación, a miña creatividade e as miñas ganas inmensas de estar diante dun público. Máis aló disto, que soa moi bonito e é moi poético, tamén che direi que é unha saída económica moi boa. Eu traballei moito como guionista para televisión, e posterguei toda esa dedicación porque a oralidade me dá máis satisfacción, pero ademais moitísimo máis diñeiro, máis posibilidades de viaxar. E atención, o dos cartos non é que sexa importante para vivir, que é imprescindible. Pero, máis aló diso, garantíza-me unha independencia profesional. Eu agora podo estar, ou non, en certos proxectos se me satisfan máis ou menos grazas a que teño a miña retagarda moi ben cuberta. Fun facéndome un nome. Dígamos que son unha persoa coñecida en festivais internacionais, que vou a Sudamérica con bastante asiduidade e traballo por España adiante.

# Braga, metropolitana

Poucas veces unha medida estritamente relixiosa –como é a restauración por parte do rei García da antiga sé metropolitana de Braga– suscitou tanta controversia no seo da Igrexa hispana. Certamente, o conflito xorde cando, após da conquista de Toledo no 1085, o seu bispo Bernardo obtivo do papa Urbano II a primacía sobre todas as dioceses peninsulares. Desde entón, a histórica sé primada de Hispania colle forza en detrimento de Compostela que, á súa vez, pugnaba con Braga pola supremacía relixiosa na Gallaecia. Mais, o que realmente preocupaba nesa altura era a unidade da Coroa de León, ameazada polos poderes xurdidos nas estremas do reino. Os bispos bracarenses viviron de preto este proceso e, a este respecto, a súa acción inaugurou un novo ciclo dentro do desenvolvemento das forzas sociais do condado Portucalense.

En consecuencia, semella nítida a fixación do

## Nos alicerces de Portugal

XOSÉ A. LÓPEZ TEIXEIRA



am - bito cronolóxico desta investigación. A escolla de 1071 como punto de partida debeuse, sen dúbida, ao feito de ser restaurada a diocese de Braga

nesa data; pois, como sinala a doutora Almeida no prólogo do seu volume, “era aí que deberíamos comezar o noso estudo, tendo en conta, naturalmente, os antecedentes históricos correspondentes. O ano de 1244 foi escollido como termo, dado que nesse ano morreu D. Silvestre Godinho. Mas, mais do que a morte dun arcebispo, a produción diplomática episcopal estaba já no rumbo que tería certamente nos séculos seguintes”. Unha xeira, en todo caso, na que os arcebispos de

Braga, aliados co baixo clero bracarense e aínda co grupo dos infanzóns que apoiaban a Afonso Henriques, desenvolveron un destacado papel político na evolución do Portugal independente.

Daquela, sorprende que unha institución coa transcendencia da Chancelaría Arqueiepiscopal de Braga –e, sobre todo, dada a importante renovación dos estudos de Paleografía e Diplomática das últimas décadas– non merecese até o presente o interese por parte dos investigadores do país veciño. De aí a valiosa achega desta profesora da Universidade do Porto, a doutora M<sup>a</sup> Cristina Almeida –gañadora do “Segundo Premio de Historia Medieval de Galiza 2004”–, quen, superando a falta de rexistros de chancelaría e aínda dun inventario dos documentos da sé de Braga, reconstrúe un relato histórico convincente con veracidade e rigor científico de seu.

ALMEIDA E CUNHA, M<sup>a</sup> C., *A chancelaría arqueiepiscopal de Braga (1071-1244)*, Ed. *Toxosoutos*, Noa, 2005, 441 páxinas

# ...A prata na sén

## Sobre as tres mortes de Lorenzo Varela

DORINDA CASTRO SOLIÑO

Como é ben sabido, unha das condicións que impuxo a Real Academia Galega para dedicarlle a un escritor o Día das Letras é que transcorresen cando menos dez anos após a súa morte. Pois ben; Lorenzo Varela, a quen se lle dedicou o Día este ano morreu un 25 de novembro de 1978 mais, segundo os seus biógrafos, tiña morto xa outras moitas veces: unha no 1936 cando o goberno da II República ordena ao exército democrático repregarse; outra cando as tropas aliadas que liberaron a Europa do fascismo se detiveron nos Pirineos aceptando o xugo franquista e condenando a un longo exilio a moitos dos que contra el loitaran. E cando se dan as condicións para o regreso, Lorenzo Varela, enchido de fracaso, decepción e esquecemento, déixase morrer por derradeira vez.

Por iso Antón Lopo, coordinador da “Revista das Letras” do xornal *Galicia hoxe* e polifacético escritor de novela, poesía e teatro, sacou ao prelo un libro homenaxe ao poeta do exilio baixo o título de

*As tres mortes de Lorenzo Varela*, publicado pola editorial Galaxia na colección “Letras Galegas.”

Trátase, entón, o volume dunha biografía do poeta, articulista e militante exiliado que nacera abandonado polas augas do océano cando os seus pais, orixinarios dunha aldea do concello de Monterroso, emigraban a América. Dúas cicatrices a da emigración e a do exilio de imborrable pegada. Adentrarse no volume escrito por Antón Lopo é como escoitar un tango: as rúas bonaerenses, a augarrente de grapa, os amores e desamores desgarrados, o whisky, o fume de tabaco,



o desenraizamento, a morte da nai ausente, a traición, a amizade neste caso cos máis importantes escritores e intelectuais do momento e... a

volta “coa fronte murcha e a prata na sén”.

Complétase o libro cunha escolma dos máis significativos poemas, unha referencia ás fontes consultadas, agradecementos, bibliografía e unha cronoloxía coas datas máis importantes tanto en vida do autor coma publicacións e homenaxes póstumas para que, quen morrendo tantas veces, perdure na memoria outras tantas. Tantas como precisa este noso país no que, se cadra, estamos asistindo a unha alborada con novos horizontes de porvir.

LOPO, Antón, *As tres mortes de Lorenzo Varela*, Ed. *Galaxia*, Vigo, 2005, 206 páxinas

# Trabando a Historia


## Un retrato de Reimundo Patiño

XOSÉ FEIXÓ

Nesa non sei se exitosa, pero si acertada liña editorial que A Nosa Terra ten en pequeno formato, síntese teórica e coidada e atractiva ilustración, vén de ver a luz outro coidado exemplar, nesta ocasión dedicado á figura de Reimundo Patiño. Da autoría do seu fillo Antón, e con ilustracións do seu arquivo e máis do da editorial, xorde para dar a coñecer, con brevidade, pero ao mesmo tempo con profundidade e certeza, a figura deste pintor, que xogou un importante papel na formación da cultura galega durante o século pasado.

Aínda que o libro carece de índice, talvez por querer semellar as súas partes trazos ou pinceladas fortes e ben marcadas onde a seguir se desenvolve a idea orixinal, é evidente a súa existencia, e a súa xustificación como fío argumental, pois cada unha das partes ou pinceladas tratan de darnos a coñecer os feitos e as circunstancias máis importantes da súa vida e do seu devir creativo. Así, xunto ás circunstancias históricas asépticas, amósansenos as pegadas profundas que estas deixaron, como o medo da posguerra ou a represión da disidencia, que lle imprimiron desde os primeiros anos un fondo desacomogido emocional. Noutros casos, circunstancias como a enfermidade ósea, que o deixou coxo, e que o tivo encamado durante cinco anos, determinarían que descubriese o debuxo como medio de expresión. Outros feitos, como a súa amizade na Coruña

(de onde era natural) co escritor Xohán Casal, o seu traslado a traballar en Madrid, o soño utópico do grupo “Brais Pinto” (Ferrín, Barreiro, Crieiro, Graña, Bautista, Ferreiro...). E, noutras épígrafos, en fin, a introdución á súa arte: o expresionismo, os manifestos, as polémicas e as teorías, a súa intensa re-



lación con Luís Seoane, etc., etc. Para, entre todas, ao final, deixarnos un breve pero acertado debuxo introductorio.

Como di Antón en “O apuntamento final”: “O perfil derradeiro que trazou o poeta Uxío Novoneyra a carón do amigo morto pode ser a mellor despedida (o retrato derradeiro) daquela personalidade única e irrepelible. Un breve apuntamento (naquel tristeiro agosto de 1985) a modo de ideograma sérvelle para trazar unha sifonoma sintética, un xesto condensado que vai definir o noso home: Ficou con aquilo seu fero / as mandíbulas fincadas como / trabando a HISTORIA”. Ese é o seu desexo, e así desexamos transmitirlo nós.

PATIÑO, Antón, *Reimundo Patiño*, Ed. *A Nosa Terra*, Vigo, 2005, 62 páxinas



# Palabra e patria

*Cultura desde o compromiso*




MANUEL ROSALES

Froito do traballo dos últimos anos en congresos, conferencias e mesmo en publicacións periódicas ou monográficas, é o ensaio que presenta Henrique Rabuñal en edicións Laiovento. Son escritos, como el mesmo confesa, alixeirados de todo aquilo que puidera dificultar a lectura por un público non especializado, que recollen a súa preocupación por mostrarnos algunhas das principais figuras da nosa cultura literaria.

Principiase o libro con oito textos consagrados a iluminar a andaina vital e intelectual de Manuel Murguía. H. Rabuñal vai pondo de manifesto nos dous primeiros a relevancia bibliográfica, a grandeza intelectual e coraxe cívica dun escritor que sempre tivo a Galicia como punto principal da súa interese. O permanente compromiso, a estreita relación amigable e intelectual con E. Pondal... son reflectidas coa paixón dun arteixán comprometido. Volverá a Murguía para catalogar e defender o seu legado, cando estaba a cumprir o 75º aniversario do seu pasamento, e postular un "vival" ao rexionalista que vai tecendo unha historia de compromiso co país e a súa xente.

O seguinte capítulo está constituído por cinco achegas ao teatro galego. No contexto galeguista da súa historia, sinalase como fito senlleiro a fundación da Escola Rexional Galega de Declamación, preludio da actividade teatral da época nacionalista posterior.

Neste panorama do teatro galego en Galicia e nos círculos galegos da emigración, destácase seguidamente o traballo de Blanco Amor como o primeiro autor que



soubou organizar un instrumento de expresión escénica galega. Rabuñal explicará as particularidades deste teatro e o acompañará dunha cumprida bibliografía. A dimensión teatral de Carvalho Calero, máis coñecido na súa faceta de narrador, poeta e historiador da nosa literatura contemporánea, ocupa outro capítulo importante. Utilizando un criterio cronolóxico, H. Rabuñal vai realizando un estudo da vida e obra do profesor ferrolán que se completa novamente cun apéndice bibliográfico.

Outra personalidade poliédrica, a de Luís Seoane, é abordada desde a súa vocación divulgadora, desde a perspectiva progresista de entender a historia de Galicia. Tras un breve repaso pola obra teatral de Seoane, céntrase o capítulo na análise de *A soldadeira* como xusta homenaxe á súa

contribución teatral. A última achega constitúe o traballo sobre Jenaro Marinhas del Valle. Nel recóllese a actitude vital dun escritor cuxo pensamento sempre estivo contaminado polo mellor das tradicións galego-portuguesas, capaz retratar con acerto os nosos devezos e as nosas porfias.

A figura excepcional de Martín Sarmiento, o "enciclopedista solitario", como o denomina Rabuñal, abre o terceiro capítulo do libro. Nel tribútase unha homenaxe ao descubridor e cronista da nosa literatura e infórmase ao lector do contido e valor de dous textos, *Coloquio de vinte catro galegos rústicos* e *El porqué sí y porqué no del P. Martín Martesino*, no contexto da cultura galega do século XVIII, no ámbito específico da bibliografía sarmentiana e como explicación das súas máis íntimas actitudes vitais.

O derradeiro capítulo vai dedicado a tres soñadores republicanos –Ánxel Casal, Ernesto Guerra da Cal e Rafael Dieste– tres nomes comprometidos coa súa innegable integridade ética e estética.

A modo de epílogo, Rabuñal dá un "paseo urxente" pola narrativa de Xosé Fernández Ferreiro.

En definitiva, atopámonos cun traballo instalado na defensa da nosa identidade cultural, política e idiomática que contempla algúns dos escritores e tempos máis indicativos da historia colectiva de Galicia con pulso firme e comprometido.

*RABUÑAL, Henrique, Palabra e patria. Escritos sobre cultura, teatro e literatura galegas, Ed. Laiovento, Santiago, 2005, 197 páxinas*

UN TRABALLO RIGOROSO A  
CONTEMPLAR ALGÚNS  
DOS ESCRITORES E DOS  
TEMPOS MÁIS  
INDICATIVOS AO LONGO  
DA NOSA HISTORIA

# Marido e outros contos

*A voz das que non teñen voz*



MOISÉS R. BARCIA

Introdución deste libro ábrese cunha cita da propia Lúcia Jorge, unha das narradoras portuguesas máis interesantes da actualidade, que publicou *Marido e outros contos* en 1997 e que declara que os seus relatos "nunca deixam de ser meio experimentais, meio estáticos, meio circulares, e ao mesmo tempo são crónicas da vida quotidiana, da vida do país, ou só apenas sinais do mundo onde a pessoa mergulha a mão, retira-a e, agarrada a ela, vem um pedaço informa da realidade".

En "Marido" asistimos ao monólogo interior dunha muller maltratada polo marido alcólico, a quen ela non cuestiona porque o ve como o prototipo de home que lle corresponde a unha muller do seu nivel socioeconómico. O feminismo que impregna a escrita de Jorge non se atopa no punto de vista da muller protagonista, senón que máis ben o adopta o lector como reacción á situación que se presenta na ficción.

Os contos de Jorge dan a sensación de pertencer a unha ficción máis longa que se nos presenta breve e fragmentariamente. Máis que crear personaxes elaborados dá unhas pincladas que nos suxiren o seu carácter. Nesa peculiaridade radica a súa forza expresiva, que crea situacións como a dos delinquentes xuvenís que comen flocos de millo na praia en "Escuma da Tarde", (título que



procedería do cruzamento de "Chuva da tarde", poema de António Sardinha, e de *A escuma dos días*, a célebre novela de Boris Vian) ou "O conto do nadador", o último do volume, unha historia que narra os paseos de rapazas ao longo da praia mentres un home as observa dende do alto

Escritora comprometida ao seu xeito, moitas veces politicamente incorrecta, sobre todo cando lles presta a súa voz ás mulleres que non a teñen. Lúcia Jorge confesa ter como autoras de de cabeceira a Virginia Woolf e Carmen Laforet, aínda que se

perciben na súa obra tamén as pegadas de outras escritoras como Katherine Mansfield.

No tocante ao proceso de trasladar a obra de Lúcia Jorge ao galego, cómpre indicar que se xa de por si o feito de traducir autores portugueses e brasileiros ao galego suscita ás veces polémica e incompreensión (véxase a este respecto a concorrencia simultánea de dúas obras de Néida Piñon no mercado galego: unha, *A república dos soños*, traducida, e a outra, *Vozes do deserto*, directamente en portugués), no caso do libro que nos ocupa hai un elemento engadido: o prólogo de Maria Lúcia Lepecki con que se abre *Marido e outros contos* está en portugués, e mesmo inclúe citas dalgúns dos relatos na lingua orixinal. Isto provoca unha sensación de desconcerto e tamén de certo ridículo: podemos ler o prólogo en portugués e non os contos? ou: precisamos que nos traduzan os contos para poder entendelos pero o prólogo pode quedar en portugués porque só lle interesa aos moí eruditos? En todo caso o tradutor, Xavier Rodríguez Baixeras, trata de ofrecernos un texto o máis próximo ao orixinal e emprega sempre que pode as formas coincidentes co portugués (*estabelecer, ar, chao...*), o cal fai o tránsito entre as dúas linguas menos violento.

FORZA EXPRESIVA DOS  
RELATOS RADICA NA  
CAPACIDADE DA AUTORA  
PARA NOS OFRECER  
PINCELADAS QUE NOS  
SUJIREN CON NITIDEZA O  
CARÁCTER DAS PERSONAXES

*JORGE, Lúcia, Marido e outros contos (trad. Xavier R. Baixeras), Ed. Xerais, Vigo, 2005, 107 páxinas*

**R**adicais libres. *Experiencias gays e lésbicas na arte peninsular*, a mostra que se ofrece actualmente no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela, supón unha proposta de enorme interese e con obras de grande atractivo, na que Xosé M. Buxán Bran, responsábel do proxecto expositivo fai un achegamento á temática homosexual na arte peninsular do século XX repasando a obra dunha parte importante dos principais artistas nos que os motivos e preocupacións ligados ao mundo homosexual se poden percibir coa maior claridade, de xeito que o carácter de análise que propón se aproxima ao que no mundo anglosaxón se denomina “estudos de xénero”, mais contra o que puider pensar o potencial espectador, no noso contexto esta vertente de aproximación ao feito homosexual como material relevante na produción de determinados artistas ficaba pouco explorada –como lembra o comisario no catálogo–, ao menos co tratamento sintético e ao tempo aberto e complexo que se nos ofrece en *Radicais libres*.

Os silencios, os ocultamentos, as veladuras, como aconteceu historicamente co mundo feminino, como materia e fonte de creación autorreferenciada, podémolos aquí percibir a respecto do universo homosexual, sobre todo nos artistas das primeiras xeracións do século XX, vítimas en maior medida da homofobia que os modelos sociais dominantes impuñan. Como por riba de todas as barreiras, a creatividade vital e crítica contesta os condicionantes epocais, é o que podemos percibir nas fotografías de Eduardo Blanco-Amor ou nos debuxos de Federico García Lorca. Só temos que lamentar que prexuízos aínda viventes –como nos lembra Buxán Bran non nos permitisen establecer un diálogo coas obras de Gregorio Prieto, artista da mesma xeración. Diálogo que suxiro que se faga diante de obras como *Ruínas de Taormina* (1933) do MNCA Reina Sofía, citada no catálogo da mostra, e que complementa á perfección este momento e tema.

A ollada precursora das primeiras décadas do século XX é dunha riqueza de suxestións moi considerábel, pero as novas miradas, froito dunha sociedade que sufriu unha evolución intensísima e que desde os sesenta tenta romper barreiras e abrir fisgoas de liberdade desde a radical posta en cuestión dos roles sociais e sexuais, son dunha enorme intensidade e, sobre todo, pluralidade, que os artistas presentes transmiten en toda a súa complexidade e riqueza de matices.

A arte sempre ten un compoñente de pulsión e con temas como os presentes na exposición santiaguesa este aspecto fica aínda moito máis resaltado, co corpo cun protagonismo singular e coa sexualidade, máis ou menos explícita, como preocupación relevante, entendida desde toda a súa pluralidade, pero especialmente como fonte de reflexión sobre os diferentes roles sociais impostos.

Mais é sobre todo o que ten de cuestionamento, de radicalidade do discurso, o



De arriba abaixo: “American Psycho” (2003), de João Vilhena; “Abraham e Isaac” (1981), de R. González Fernández e “O bico” (1927) de F. García Lorca.



que sorprende da maioría dos artistas que se aproximan á temática gay e lésbica, unha radicalidade que non está exenta de diálogo coa tradición artística, significativamente coa arte relixiosa do pasado -como se pode observar na obra de creadores como Roberto González Fernández ou João Vilhena-. Claramente estas escollas xorden polas súas posibilidades expresivas, pola ambigüidade que ofrecen os temas ao seren reinterpretados en clave homosexual e polo carácter de reflexiva provocación que estimulan.

Mais, e falo desde a máis particular subxectividade, a sorpresa está especialmente na diversidade de enfoques, e xa, de seu, está pluralidade é un manifesto antitípico, que vai desde o corpo erotizado até o extremo até o tratamento de temas como a SIDA (fantástica a instalación de Pepe Millares Ajuares (1995-96)).

Acho que foi Foucault o que dicía que non sabía moi ben o que era a liberdade, pero que percibía perfectamente o que non o era. Aplicado á mostra *Radicais libres* podíamos afirmar que, lonxe de calquera preconcepto, o que os artistas nos ofrecen desde a súa ollada-outra é un exercicio de indagación aberto sobre unha das principais fontes da liberdade que é o recoñecemento do noso máis absoluto dereito á diversidade, á arte, ao sexo e á vida.

### Da pulsión e da reflexión

CARLOS L. BERNÁRDEZ

## Arte e diferenza

Poucos días despois de que a España negra (cada vez con menos capacidade e influencia nas consciencias) se manifestara contra os dereitos dos cidadáns homosexuais desde o monolitismo, a intransixencia, a unicidade e o odio profundo á diversidade (sexual, cultural, lingüística...) convén volver a vista a experiencias como a que *Radicais libres* nos propón, nas que se defende que na arte e na vida outro mundo é posíbel e sobre todo desexábel.

Finalmente quixera salientar o catálogo e os estudos do comisario, de enorme interese. Só unha pequena tacha, as cores e o tipo de letra do mesmo non facilita a lectura cómoda, con rosas e dourados. Aínda así, paga a pena a atenta lectura do mesmo, un libro de referencia xa para o tema da exposición.

# Radicais libres



## INFANTIL/XUVENIL

## A toupiña cegarata

Se é bo lembrar tempos pasados, mellor resultaría se eses recordos son tidos en conta para non errar no futuro. Aprender das decisións desacertadas tomadas nalgún momento da vida é unha postura intelixente e é signo de madurez.

A través das memorias da toupa Veludiña coñecemos a existencia dun submundo que ten nas entrañas da terra o seu campo de actuación. Valéndose do traballo dos homes, un verdadeiro exército de pequenos mamíferos viven felices nos seus habitáculos-galerías ata que a natureza maligna dos envexosos se encarga de destruír o que con tanto esforzo outros construíran. Peor que os ollos atrofiados que de seu teñen as toupas son as trampas que tecen aqueles que non se conforman con vivir alleos aos éxitos dos demais.

A vida nas profundidades que levaban as toupas vese alterada cando Paco da Casa Grande instrúe ao seu podengo Matías para que acabe cos animalíños que continuamente se abastecen dos saborosos produtos da súa horta. Mais estes conseguen sobrevivir a unha primeira embestida tras da cal idean unha forte organización defensiva que lles permi-

## Perspectiva de adultos

MARÍA NAVARRO

tirá vivir tranquilos uns anos. Mais por desgraza nunha se-



da arremetida non correrán a mesma sorte.

O contido que presenta *A toupiña cegarata* é pura ficción, aínda que toma elementos do mundo real -animais, natureza, homes, ...- estes vense enriquecidos con características / cualidades que non lle son propias e que lles permiten pensar, actuar, comportarse segundo vaian esixindo as circunstancias. Agora ben, sendo pura ficción semella que a historia está pensada para que o home sexa o protagonista e aproveítase case cada escea, cada intervención, cada comentario para poñer de manifesto situacións negativas da vida real. O mundo "dos de arriba" do que fala a toupa Veludiña virían a ser os países ricos e os de abaixo os subdesenvolvidos, que tarde ou temprano sucumben ó empuxe daqueles que teñen máis poder.

Sendo unha noveliña para nenos quizais non capte a atención dos cativos polo escaso atractivo da súa presentación. Adoptar unha perspectiva de adulto, e para maiores, non parece o mellor formato.

GRACIÁN, Ánxela, *A toupiña cegarata*, (ilustr. Jacobo Lijó) Ed. Galaxia, Vigo, 2005, 184 páxinas

## No teatro dos sonhos

Carlos Labraña (Cedeira, 1969) autor de *O teatro dos sonhos*, non é ningún principiante dentro do mundo do teatro e o seu traballo figura xa nun lugar de relevancia na vertente infantil deste xénero con obras coma *A escada* (1994) ou *Indo para o Samaiñ* (2004) e, ademais, esta afirmación vén avalada polos importantes certames en que acadou mención e entre os que se atopa o Premio Xeración Nós de Teatro que lle foi outorgado en 1988 con *O segredo de Daniel*.

*O teatro dos sonhos* inclúese dentro da "Biblioteca ambulante da Garola", unha colección xestionada polo Colectivo Garola dedicado á escrita e á posta en escena do teatro infantil galego, e tamén acadou con esta obra un recoñecemento significativo pois foi finalista do "Xeración Nós", un premio que, sen dúbida recolle o espírito dese colectivo de escritores que nos comezos do século XX quixeron dignificar este xénero e dotalo dunha importancia da que carecía ata o momento no país.

Trátase dunha obra cun único lance e dez personaxes, once se temos en conta a dupla personalidade de bicéfalo, onde a imaxinación e a fantasía acadan o lugar máis relevante. A capaci-

## O atractivo do mundo onírico

PAULA FERNÁNDEZ

dade dos nenos de se evadir a lugares increíbles e reinos afastadosponse de manifesto con Susa, a rapaza protagonista, quen atopa pola noite un agasallo de seus pais que vai ser o culpable da súa aventura no Mundo dos Sonos.



Un lugar sumido na escuridade e dominado polo terrible Senmus o cal roubou o corazón do reino, que toma forma na pirámide de vidro que lle agasallan seus pais. Susa conseguirá liberar a este reino non sen antes vivir unha serie de episodios con seres que llo tentarán impedir de todas as maneiras posibles.

Unha historia do gusto dos nenos chea de dinamismo con referencias mitolóxicas e celtas onde sorprende ver á protagonista repoñendo forzas bebendo hidromel, o chouchén con que os vikings e os celtas adoitan deleitar as súas gorxas.

Unha mestura do onírico e da realidade con todo o que isto connota e con todos os atractivos que isto tamén ten para os rapaces máis novos mais sen esquecer, sobre todo, que a finalidade dunha obra de teatro é ser representada, feito para o que o autor aporta información nunhas pequenas acontocacións que permiten tamén ser interpretadas libremente, pois non son nada estritas, e que os rapaces lectores aporten as súas ideas.

LABRAÑA, Carlos, *O teatro dos sonhos* (ilustr. Lola Garcerá), Ed. Xunta de Galicia, Santiago, 2005, 58 páxinas

## ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

## Poesía galega completa de Emilio Álvarez Blázquez

Edición de Miro Villar

Edicións Xerais. 218 páxinas

Este libro reúne os poemarios *Poemas de ti e de min* (1949) e *O tempo desancorado* (*Poemas para María Blázquez*) (1988), e tamén, por vez primeira, un abondoso conxunto de composicións dispersas e inéditas, xunto cunha escolma de prosas galegas da súa autoría, rematando cun apéndice onde se re-

producen diversos textos que contribúen a explicar os valores da súa creación literaria. A presente edición ábrese cun limiar de Xesús Alonso Montero, auténtico iniciador deste volume, que ao tempo constitúe un significativo estudo arredor da faceta humana e literaria de Emilio Álvarez Blázquez.



## El jardín de las favoritas olvidadas

M<sup>a</sup> Fernanda Santiago Bolaños

Ediciones Linteo. 284 páxinas

No cruce de camiños dunha existencia onde o futuro o será só se antes se concilia co pasado, María Salomón convoca as raíces da súa memoria: o atlántico abó maragato e mariñeiro. Coma no teatro, as pantomas serán chamadas para que desvelen a identidade deses personaxes vítimas da orfanda-

de vital e o desamparo que só atoparán aló onde mar e terra se unen: a casa da infancia de Castroluce. Todo fala

nesta novela do espírito idealista, da tenrura de sentimentos e da fina penetración humana que a autora desprega en toda a obra valéndose dun estilo do que emanan poesía e delicadeza.



## Vinte mil pesos crime

Bernardino Graña

Edicións Xerais. 152 páxinas

Editada orixinalmente en 1962, *Vinte mil pesos crime* considerouse como unha obra fundamental no conxunto das obras teatrais da época. Nela cómpre salientar dous elementos fundamentais: por unha banda, unha mostra do traballo artístico que se facía en plena ditadura franquista dentro dunha perspectiva rehabilitadora nun

contexto ofegante para as nosas letras e, pola outra, sobrancease a propia calidade da obra, que a converte nun texto de enorme interese.

Considerada a mellor obra dramática de Bernardino Graña, conxuga o reflexo dunha sociedade pechada cara ao exterior cunha cosmovisión raiana no nihilismo. A edición é de Héitor Mera.



## A faciana das augas

Branca Vilela

Editorial Toxosoutos. 114 páxinas

Suliña Basilio Rodríguez no prólogo deste libro, que a poesía ten nome de muller, porque se nutre da sensibilidade, o apaixonamento e a intuición feminina, porque se aferra aos nosos afectos e aos nosos sentimentos;

porque permanece ancorada nas nosas vidas, aínda que sexamos vítimas de loucuras, desacougos e naufraxios. A poesía de Branca Vilela é unha invitación á vida, que nos axuda a voar por enriba de rutinas e vulgaridades.





Entre as novidades que neste 2005 están a aparecer no eido da nosa música cómpre destacarmos *Orvallo*, (Picap, 2005), o novo disco que vén de publicar Miro Casabella: alguén que ten desenvolvido unha das traxectorias máis sólidas e importantes da música galega, aínda que acaso o seu nome non resulte especialmente familiar nos ouvidos dun público que non ten anos dabondo como para lembrar a andaina de Voces Ceibes. Porque Miro formou parte, aínda que dende a distante Barcelona onde mantiña a súa residencia, dunha das senlleiras expresións culturais galegas do século XX, o fato Voces Ceibes, grupo de cantores que desenvolveu o seu labor artístico na década dos setenta, entre o férreo control policial da ditadura e a esperanza do novo tempo que se albisaba daquela no futuro máis cercano. Casabella entrou en contacto con Voces Ceibes na cidade catalá onde residía, ao ser Barcelona destino cotián destes músicos galegos para rexistraren os seus primeiros discos en formato E.P.-catro cancións-, e daquela época de cantautor, con notoria influencia da *nova cançó catalá*, temos hoxe a lembranza das dúas primeiras producións discográficas, en formato LP, de Casabella, *Ti, Galiza*, (BMG-Ariola, 1977) e *Treboada*, (BMG-Ariola, 1979), onde recolleu gran parte do repertorio que foi elaborando ao longo de toda a década. E hai un feito que diferenciou este repertorio do cantautor lugués do traballo que desenvolvían os seus compañeiros de Voces Ceibes, pois Miro sempre mantivo aberta unha liña onde tiñan cabida, para alén das cancións contestatarias propias dos demais integrantes do grupo, as cantigas tomadas da tradición popular, mesmo tiradas da época medieval, que xa están presentes no seu primeiro traballo discográfico pero que protagonizarían o seu segundo disco, onde incluso aparecen temas instrumentais que anticipan a eclosión do movemento folc que tería lugar pouco despois. Xunto a eles, pezas coma "Cantigas da Emigración", "Os Irmandiños" ou "Copliñas galegas" onde, ás veces tirando proveito do acervo popular e ou-

### O retorno de Miro

DANIEL LAVASEDO

tras dende a autoría do músico, a pegada da tradición é evidente, mesmo naqueles temas onde é Miro quen asina as letras. E loxicamente tamén houbo oco naqueles primeiros traballos de Casabella para a "canción-protesta", propia dunha época onde nin tan sequera a bandeira galega tiña ningún recoñecemento oficial, feito que de seguro provocou a louvanza que

dela fai o músico no seu álbum de estrea.

Despois da súa época en Voces Ceibes, e seguindo a liña que comezaron a marcar os seus elepés, que engadiron máis instrumentos -salientando a incorporación de gaita e zanfona- á guitarra que unicamente acompañaba a voz de Casabella nas súas primeiras gravacións en formato EP, o músico decidiu continuar a súa andaina uníndose a Doa. Este grupo coruñés de tamén longa traxectoria contou entre os seus fundadores con Miro Casabella, que uniu a súa voz ao proxecto que estaban a artellar na Coruña Xoán Piñón e Bernardo Martínez. Afastándose por completo da canción protesta, Casabella diluíu a súa personalidade nunha formación en que destaca a súa inquecandanza pola música medieval, cantigas de Afonso X, Martín Codax, ..., acompañadas dalgún tema tirado do folclore galego, ás veces tamén pezas de folclore de alén das nosas fronteiras, onde a voz do músico lugués cobraba protagonismo. Ademais, na súa xeira neste grupo, Casabella tocaba tamén cítara e zanfona, pois Doa foi unha formación que apostou con claridade pola música instrumental, abrindo un camiño que logo pescudaría n moitos. A estadia do músico neste grupo foi breve, tan só participou na gravación do disco *O son da estrela escuro*, primeiro que a banda tirou en 1979, e nas xiras posteriores que levaron o grupo galego incluso a Canadá e Estados Unidos, para logo abandonar a formación, que cedeu todo o protagonismo nos seus seguintes traballos á parte instrumental, e comezar unha etapa de silencio de vintecinco anos que vén de rachar agora co seu novo traballo. Disco que recunha nos camiños de sempre transitados por Miro, incluso conta con algún antigo compañeiro de Doa na revisión de "Danza de Rosal", co músico, voz, zanfona e cítara, tan só acompañado pola guitarra de Jorge Labanca, e escollendo de novo as melodías entre a tradición de noso, acarón doutras onde musica poemas de Salvador García-Bodaño, Novoneira, Celso Emilio Ferreiro, ..., e amosando que o tempo, ás veces, non afecta e nos permite volver a gozar, ou descubrir, un bo músico que semellaba non ir abandonar xa o seu silencio.

## Das Voces Ceibes

O 1 de decembro de 1968, nun acto presentado polo poeta Manuel María, tería lugar o abrollar do colectivo de cantautores galegos Voces Ceibes no Teatro Capitol de Compostela, testemuña por outra banda de moitos feitos senlleiros da nosa historia recente. Benedicto García, Xavier del Valle, Xerardo Moscoso, Guillermo Rojo, Vicente Araguas e Miro Casabella deron un recital conxunto onde sentaron as bases da canción protesta galega que nacía como contestación ao éxito comercial que intérpretes coma Andrés Dobarro ou Juan Pardo estaban a ter a nivel estatal, cunhas composicións onde a tesitura política da época non tiña espazo. A este monllo de cantautores uníronse outros nomes, o de Bibiano Morón e o do finado Suso Vaamonde quizais os máis recoñecidos, e con notoria influencia da "nova cançó" catalá e de persoeiros coma Raimon e José Afonso, quen chegaron a compartir escenario unha chea de veces con moitos deles, artellaron a alternativa galega na loita musical contra a ditadura. De feito o único atranco que atopou o grupo Voces Ceibes na súa andaina foi o escaso calado que a súa proposta, excesivamente politizada e culturalmente elitista nunha época en que a nosa cultura non estaba ao alcance da poboación, que non chegaba a callar na xente que, desgrazadamente, descoñecía por exemplo a figura do poeta Celso Emilio Ferreiro, abondosamente versionado no repertorio común que aqueles cantautores interpretaban. Despois de multas, prohibición de interpretar certos temas nos concertos e da sempiterna presenza da policía nos seus concertos, o grupo desfixose en 1974, para continuaren os seus membros traxectorias por separado.

# Con "Orvallo"